PARLAMENTO
DE GALICIA

EMENDAS PRESENTADAS ÁS PNP E MOC PARA O PLENO DO 07/11/2017

3. Mocións. 3
3.2 10/MOC-000053 (0019247) 3
(0019247) Entrada da iniciativa 4
(0019812) Emendas dos grupos parlamentarios 6
3.3 10/MOC-000054 (0019248) 8
(0019248) Entrada da iniciativa 9
(0019809) Emendas dos grupos parlamentarios 10
4. Proposicións non de lei ante o pleno. 12
4.1 10/PNP-000699 (0007663) 12
(0007663) Entrada da iniciativa 13
(0019799) Emendas dos Grupos Parlamentarios 15
(0019802) Emendas dos Grupos Parlamentarios 17
(0019807) Emendas dos Grupos Parlamentarios 19
4.2 10/PNP-001103 (0013018) 21
(0013018) Entrada da iniciativa 22
(0019805) Emendas dos Grupos Parlamentarios 24
(0019806) Emendas dos Grupos Parlamentarios 26
(0019808) Emendas dos Grupos Parlamentarios 28
4.3 10/PNP-001229 (0015853) 30
(0015853) Entrada da iniciativa 31
(0019813) Emendas dos Grupos Parlamentarios 35
4.4 10/PNP-001318 (0017676) 36
(0017676) Entrada da iniciativa 37
(0019810) Emendas dos Grupos Parlamentarios 39
(0019815) Emendas dos Grupos Parlamentarios 41
4.5 10/PNP-001374 (0018655) 43
(0018655) Entrada da iniciativa 44
(0019803) Emendas dos Grupos Parlamentarios 48
4.6 10/PNP-001397 (0019027) 52
(0019027) Entrada da iniciativa 53
(0019814) Emendas dos Grupos Parlamentarios 55
(0019818) Emendas dos Grupos Parlamentarios 56
4.8 10/PNP-001407 (0019153) 58
(0019153) Entrada da iniciativa 59
(0019811) Emendas dos Grupos Parlamentarios 62
(0019817) Emendas dos Grupos Parlamentarios 64

PARLAMENTO
DE GALICIA

3. MOCIÓNS.

3.2 10/MOC-000053 (0019247)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga Díaz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 10194, publicada no BOPG. n.º 128, do 14.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019247) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2017 18:26
Nº Rexistro: 19247
Data envío: 20/10/2017 18:26:04.327

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpelación, debatida na sesión plenaria do día 17 de outubro de 2017, sobre o proceso de elaboración no novo Plan forestal de Galicia (doc. núm. 10194).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Presentar o borrador do Plan forestal sen máis dilacións ao sector implicado e relacionado co mundo forestal (empresas, asociacións profesionais relacionadas coa silvicultura, madeira e bosques, asociacións ecoloxistas e medioambientalistas, universidades, sindicatos agrarios, Consello forestal e aos grupos parlamentarios, cando menos), para comezar o proceso de participación, mellora e adaptación ás necesidades socioeconómicas, culturais e medioambientais de Galicia.

2º) Establecer un protocolo de actuación e calendario para o seu estudo, achegas e conclusións.

3º) Efectuar unha rápida avaliación dos incendios forestais desde a aprobación do anterior plan forestal e incorporar as súas conclusións ao proceso de elaboración do actual.

Pazo do Parlamento, 20 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 20/10/2017 18:23:45

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/10/2017 18:26
Nº Rexistro: 19247
Data envío: 20/10/2017 18:26:04.327

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/10/2017 18:23:58

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019812) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19812
Data envio: 06/11/2017 17:46:55.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **19247 [10/MOC-000053]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"1-- Tomar en serio o cumprimento das franxas de protección e distancias a infraestruturas.

2-- Mudar radicalmente a política relacionada co medio rural, e en concreto co monte establecendo unha moratoria ó eucalipto e demais especies pirófitas e cultivos enerxéticos.

3-- Orienta-lo Plan Forestal cara á multifuncionalidade do noso monte apoiando e promocionando os montes veciñais en man común e as Unidades de Xestión Forestal para supera-la atomización da propiedade e facer unha ordenación acorde á nosa realidade.

4-- Orienta-lo Plan cara á diversificación do cultivo de especies forestais encamiñándoo ás madeiras nobres logo de facer unha ordenación consecuente coas características dos nosos solos e microclimas e acorde cos modelos habitacionais asentados ó longo da nosa existencia como pobo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19812
Data envio: 06/11/2017 17:46:55.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5-- Establecer un Plan de Recuperación e incentivación da actividade transformadora da madeira a medida que os procesos anteriores se vaian materializando."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 17:41:15

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:41:19

PARLAMENTO
DE GALICIA

3.3 10/MOC-000054 (0019248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan. (Moción, a consecuencia da Interpelación n.º 10583, publicada no BOPG. n.º 136, do 28.06.2017, e debatida na sesión plenaria do 17.10.2017)

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019248) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/10/2017 10:00
Nº Rexistro: 19248
Data envio: 20/10/2017 18:38:54.874

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substanciar a interpretación debatida na sesión plenaria do día 17 de outubro de 2017 sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 (doc. núm. 10583)

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª) Incrementar a contía dedicada o Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018 na mesma cantidade dedicada no exercicio 2016: 20.000.000 €.

2ª) Publicar as axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais no mes de decembro do exercicio anterior.

Pazo do Parlamento, 20 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 20/10/2017 18:38:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 20/10/2017 18:38:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019809) Emendas dos grupos parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19809
Data envio: 06/11/2017 17:46:07.940

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Moción**, doc. núm. **19248 [10/MOC-000054]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co orzamento destinado ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, así como a publicación das axudas correspondentes a ese plan, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasa a ser o 3, co seguinte texto:

"3ª) Publicar unha nova convocatoria de subvencións (2017-2018) cunha dotación económica de cando menos 8 millóns de euros."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19809
Data envío: 06/11/2017 17:46:07.940

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 17:21:09

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:21:15

PARLAMENTO DE GALICIA

4. PROPOSICIÓNS NON DE LEI ANTE O PLENO.

4.1 10/PNP-000699 (0007663)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Diego Calvo Pouso
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar

Sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas

PARLAMENTO DE GALICIA

(0007663) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 7663
Data envio: 05/04/2017 18:07:48.586

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeiras Broz,Diego Calvo Pouso, Marta Novoa IglesiasDaniel Varela Suanzes-Carpegna, Julia Rodriguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de Motivos:

Galicia conta con seis parques naturais (Fragas do Eume, Baixa Limia e Serra do Xurés, Serra da Enciña da Lastra, Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixan, do Invernadoiro e so Monte Aloia) e co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Na súa comparecencia parlamentaria a petición propia para explicar os obxectivos da Consellería para esta lexislatura, a Conselleira anunciou a elaboración e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión de todos os parques, o que concorda co defendido no programa electoral co que o Partido Popular de Galicia concorreu ás eleccións autonómicas de 2016.

En particular, o programa comprometía que "*para o ano 2017 acometerase a elaboración e aprobación dos Plans Reitores de Uso e Xestión*" dos sete parques.

O Grupo Parlamentario Popular quere ampliar ese compromiso do PPdeG coa sociedade galega ao resto dos grupos políticos, acadando un acordo político amplo para o impulso desta actuación inmediata.

Polo exposto o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de Lei en Pleno.**

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acometer neste ano a elaboración dos Plans Reitores de Uso e Xestión dos seis parques naturais cos que conta Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas".

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/04/2017 18:07
Nº Rexistro: 7663
Data envio: 05/04/2017 18:07:48.586

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/04/2017 18:04:44

Martín Fernández Prado na data 05/04/2017 18:05:02

Gonzalo Trenor López na data 05/04/2017 18:05:16

Jaime Castiñeira Broz na data 05/04/2017 18:05:29

Diego Calvo Pouso na data 05/04/2017 18:05:36

Marta Novoa Iglesias na data 05/04/2017 18:05:45

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 05/04/2017 18:05:59

María Julia Rodriguez Barreira na data 05/04/2017 18:06:29

Antonio Mouriño Villar na data 05/04/2017 18:06:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0019799) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 16:56
Nº Rexistro: 19799
Data envio: 06/11/2017 16:56:27.878

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Marcos Cal Ogando** e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda** á Proposición non de lei, doc. núm. 7663, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, que será debatida na sesión plenaria do día 7 de novembro de 2017. (10/PNP-000699)

EMENDA DE ADICIÓN

Débese engadir, ao final da parte resolutiva, o seguinte:

" O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Iniciar o procedemento para declarar Parque Natural os espazos: Ancares–Courel, Monte Pindo e outras zonas da Costa da Morte, Canóns do Sil, Bibei, ampliación do Invernadoiro ao Macizo Central e Pena Trevinca.
- De xeito progresivo, iniciar a eliminación de especies exóticas dos Parques Naturais. Este Plan será dotado economicamente con fondos suficientes para alcanzar eses obxectivos. Tamén se incluirán os espazos protexidos baixo a Rede Natura 2000.
- Ampliar progresivamente o persoal de conservación e que este persoal sexa contratado das listaxes públicas (D. 37/2006).
- Que as labores de mantemento que están a facer os axentes medioambientais, e que non son da súa competencia, pasen a realizalas persoal cualificado.
- Prohibir e regular actividades cando exista risco de que a fauna ou flora existente nos Parques Nacionais (moitas delas protexidas) se poidan sentir

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 16:56
Nº Rexistro: 19799
Data envio: 06/11/2017 16:56:27.878

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

ameazadas.

- Elaborar novos plans específicos para a loita contra o lume nos espazos protexidos, escoitando a voz dos axentes medioambientais, de medio rural, dos brigadistas e das facultades de bioloxía, que son quen mellor coñecen a actual situación.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017.

Asdo.: Marcos Cal Ogando, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/11/2017 16:55:10

Luis Villares Naveira na data 06/11/2017 16:55:20

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019802) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19802
Data envio: 06/11/2017 17:12:19.581

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **Patricia Vilán Lorenzo,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas (10/PNP-000699, documento número 7663)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a acometer neste ano a elaboración, abrindo unha fase de audiencia suficiente para garantir a efectividade do principio de transparencia e coa comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de cara á súa explicación, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais cos que conta Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, do seguinte xeito:

1. Para todos eles, desbotando que se convertan en grandes destinos turísticos; aproveitándoos como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes e encadrándoos como centro dun Plan de educación ambiental escolar de Galicia.
2. Especificamente para o Parque Nacional, incluíndo na súa memoria económico-financeira un plan de financiamento acorde co programa comunitario de "Financiamento da Rede Natura 2000", tanto no relativo á conservación, xestión e recuperación de hábitats, como no relativo ás compensacións previstas aos propietarios de pola posible perda de dereitos consecuencia da xestión da Rede Natura."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19802
Data envío: 06/11/2017 17:12:19.581

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 06/11/2017 17:09:51

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 17:09:56

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019807) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 19807
Data envio: 06/11/2017 17:45:44.472

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **7663 [10/PNP-000699]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre a elaboración polo Goberno galego, no ano 2017, dos plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais de Galicia e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"1. O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a

a) Acometer no prazo máximo de 12 meses a elaboración e aprobación dos plans reitores de uso e xestión dos seis parque naturais e do parque nacional das Illas Atlánticas.

b) Someter os citados plans a un amplo proceso de participación e acordo cos concellos, asociacións ecoloxistas e comunidades locais de cada ámbito territorial.

c) Iniciar os trámites para a ampliación do territorio protexido por Rede Natura até chegar como mínimo ao 20% en 2020.

d) Iniciar os trámites para a declaración dos seguintes parque naturais: Os Ancares, O Caurel, Pena Trevinca e Monte Pindo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 19807
Data envio: 06/11/2017 17:45:44.472

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) O Parlamento galego acorda como resolución reprobar o goberno da Xunta polo retraso na aprobación dos Plans reitores de uso e xestión dos seis parques naturais e do parque nacional das Illas Atlánticas."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 17:05:19

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:05:25

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.2 10/PNP-001103 (0013018)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Jaime Castiñeira Broz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Martín Fernández Prado
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Antonio Mouriño Villar
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Nóvoa Iglesias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Julia Rodríguez Barreira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Gonzalo Trenor López
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0013018) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 10:31
Nº Rexistro: 13018
Data envio: 24/07/2017 10:31:34.140

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** a través do seu **Portavoz,** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López** e **Daniel Varela Suanzes-Carpegna,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordante do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia conta con numerosos núcleos rurais e urbanos, cun valor histórico ou patrimonial que se atopan nunha situación de abandono. Co obxectivo de dignificar a paisaxe construída e poñer en valor a arquitectura tradicional, e tamén co fin de xerar actividade económica e desenvolvemento, o Goberno galego quere promover a recuperación destes ámbitos deteriorados para que funcionen como centros de actividade económica, social ou cultural.

Para conseguilo, anunciou en datas pasadas, a elaboración dunha Lei de Rehabilitación de Galicia, co obxectivo de propiciar a recuperación dos núcleos degradados e convertelos en focos de dinamización económica e social.

Desde o Grupo Parlamentario Popular, consideramos que esta Lei, deberá de incidir, entre outras cousas, no fomento da cultura da rehabilitación. É dicir, que o propietario dunha edificación e o resto da cidadanía, sintan a necesidade e valoren a rendibilidade de recuperar o xa construído. Para iso, é imprescindible reducir as barreiras que dificultan na actualidade as actuacións en materia de rehabilitación e de rexeneración urbana: lexislativas, administrativas e de xestión; de adquisición de inmobles, de habitabilidade, sociais, demográficas e financeiras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar, para a súa remisión á Cámara no ano 2018, un proxecto de lei en materia de rehabilitación dirixido á

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/07/2017 10:31
Nº Rexistro: 13018
Data envio: 24/07/2017 10:31:34.140

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

simplificación lexislativa, administrativa e de xestión e que preste especial atención á recuperación dos núcleos rurais e urbanos con valor histórico ou patrimonial".

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/07/2017 10:29:06

Jaime Castiñeira Broz na data 24/07/2017 10:29:15

Martín Fernández Prado na data 24/07/2017 10:29:23

Antonio Mouriño Villar na data 24/07/2017 10:29:41

Marta Novoa Iglesias na data 24/07/2017 10:29:49

María Julia Rodriguez Barreira na data 24/07/2017 10:29:59

Gonzalo Trenor López na data 24/07/2017 10:30:22

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 24/07/2017 10:30:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019805) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19805
Data envio: 06/11/2017 17:32:52.362

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa da deputada **María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en **Pleno** do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia (10/PNP-001103, documento número 13018)

Emenda de adición

Débese engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes parágrafos:

"Contar durante a tramitación do proxecto de lei coa colaboración, consulta e participación da Fegamp así como cos colexios profesionais implicados no proceso de elaboración da mesma.

Incluír como contidos mínimos da lei:

- A obrigatoriedade de implantación en todos os concellos dos Informes de Avaliación de Edificios (IAEs) como medida de coñecemento directo e realista do estado físico das edificacións máis antigas.
- Intervención directa da Administración nos casos de inacción na mellora de accesibilidade en edificacións plurifamiliares.
- Flexibilización na interpretación dos condicionantes dimensionais e funcionais mínimos das vivendas no caso de edificacións con algún grao de protección ou pertencente a áreas de protección declaradas.
- Fomentar a simplificación na tramitación, prescindindo no posible de informes autonómicos, dotando aos concellos de maior autonomía na tramitación das licenzas.
- Poñer en marcha medidas de intervención directa da Administración ante o abandono e inadecuado mantemento das edificacións incluídas en ámbitos de protección.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19805
Data envío: 06/11/2017 17:32:52.362

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

- Impulsar a creación de catálogos de protección nos concellos que aínda non contan con el, e buscar ferramentas de homoxeneización dos existentes así como dos futuros.

Acompañar a lei dunha partida orzamentaria destinada ao incremento de máis medios e persoal para os concellos que, afectados pola aplicación da lei, asuman máis competencias e polo tanto máis carga de traballo nos seus departamentos."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 06/11/2017 17:11:02

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 17:11:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019806) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:38
Nº Rexistro: 19806
Data envio: 06/11/2017 17:38:47.800

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa do seu deputado e voceiro suplente **Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución** á **Proposición non de lei do G. P. Popular número 13018 (10/PNP 001103)**, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia, incluída na orde do dia da sesión plenaria dos días 7 e 8 de novembro de 2017.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a aprobar, para a súa remisión á Cámara no ano 2018, un proxecto de lei en materia de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas dirixido á recuperación e posta en valor dos núcleos rurais e urbanos, en especial os de valor histórico, patrimonial, paisaxístico ou ambiental, así como ao fomento e promoción desde a Xunta de Galicia dos instrumentos de cooperación administrativa e de apoio financeiro aos concellos para a súa execución, en especial no referido ás actuacións en materia de vivenda e de espazos públicos".

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García,

Voceiro Suplente do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:38
Nº Rexistro: 19806
Data envio: 06/11/2017 17:38:47.800

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 06/11/2017 17:19:06

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019808) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 19808
Data envio: 06/11/2017 17:45:54.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **13018 [10/PNP-001103]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre o impulso da Xunta de Galicia na elaboración dunha lei de rehabilitación de Galicia, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a

1. Aprobar un proxecto de lei en materia de rehabilitación de vivenda e renovación urbana para a súa remisión á cámara no primeiro trimestre de 2018.

2. Desenvolver un amplo proceso de participación e consulta con todas as institucións e sectores relacionados con ese ámbito.

3. Revisar o Plan galego de vivenda 2015-2020 e incrementar os investimentos en rehabilitación cando menos no 20%

4. Mellorar notabelmente os niveis de execución orzamentaria en materia de vivenda."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:45
Nº Rexistro: 19808
Data envío: 06/11/2017 17:45:54.847

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 06/11/2017 17:08:45

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:08:53

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.3 10/PNP-001229 (0015853)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adaptar os medios humanos e materiais a eses lumes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0015853) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ata os anos noventa, noventa e pouco, a maioría dos lumes, aínda que con complicacións diversas, eran controlables, debido a catro razóns fundamentais:

1- *Porque as dispersas entidades de poboación non había que protexelas porque xa o estaban pola actividade agrícola, polo tanto a actividade do Spdcif era máis ofensiva que defensiva.*

2- *As masas forestais non tiñan o volume actual e debido ó abandono do rural, a carga de combustible é hoxe moi superior á dos anos noventa.*

3- *O cambio climático, con temperaturas máis altas, humidades relativas máis baixas, unhas secas continuadas e cada vez máis frecuentes olas de calor.*

4- *A atomización do Servizo de Extinción de Incendios, baixo a responsabilidade da Xunta de Galicia, coa continua perda de peso neste do Spdcif afecta gravemente á eficacia.*

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No incendio de Verín deste ano disponse de toda a potencia aérea de Galicia. No ocorrido en 2005 había moitos incendios simultáneos, había menos potencia de auga e, sen embargo, desta vez o lume avanzou máis ca daquela.

Entre outras aí van algunhas razóns:

--Este é un lume de cuarta xeración: caos urbanístico nas novas construcións residenciais no rural, o abandono do rural, a meteoroloxía e a tipoloxía do combustible.

--Menos eficacia dos medios aéreos, con helicópteros de menor potencia e cada vez menos carga de auga. De 1.500litros que levaban nos anos 90 pasamos a 1.200 ou 1.000 litros que levan agora...

--Hai unha manifesta perda de eficacia, a pesar de que os lumes están diminuíndo en número, veñen sendo máis virulentos.

--Atomización do dispositivo con diferentes procedencias das cuadrillas con heteroxénea formación, cando a hai. Estase metendo no monte xente pouco preparada.

Todo indica que nestes momentos faise necesaria unha seria reflexión, con participación de tódolos elementos que actúan no servizo de prevención e extinción, do que facer e como facer fronte ó reto dos lumes de interface e de quinta xeración.

O dramático aviso que nos deu o lume de Leiría debe facer reflexionar cabalmente sobre estes mencionados lumes e analizalos en tempo deseñando estratexias que eviten a improvisación e ineficacia.

Aquí ninguén se sentou nunha mesa para analizar como se traballa nun lume de tipo convectivo coma o de Leiría, como se traballa nun lume de cuarta ou quinta xeración e como se combina coa garda civil, bombeiros urbanos...

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente este Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ó goberno galego a crear un organismo que conte coa participación activa dos diversos colectivos que forman parte de todo o aparello que intervén no dispositivo de prevención e extinción para xuntos analiza-los lumes de cuarta e quinta xeración e estableceren os protocolos de actuación idóneos e acometeren a adecuación dos medios humanos e materiais ós mesmos."

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Belén Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2017 12:54
Nº Rexistro: 15853
Data envio: 08/09/2017 12:54:09.723

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/09/2017 12:52:00

María Montserrat Prado Cores na data 08/09/2017 12:52:05

Olalla Rodil Fernández na data 08/09/2017 12:52:09

Noa Presas Bergantiños na data 08/09/2017 12:52:11

Xosé Luis Bará Torres na data 08/09/2017 12:52:12

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2017 12:52:20

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019813) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:49
Nº Rexistro: 19813
Data envio: 06/11/2017 17:49:05.722

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a creación polo Goberno galego dun organismo no que participen os diversos colectivos que conforman o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais co fin de analizar os lumes de cuarta e quinta xeración, establecer os protocolos de actuación idóneos e adoptar os medios humanos e materiais a eses lumes (doc. núm. 15853).

Emenda de modificación

Na parte resolutiva da iniciativa onde di: "... crear un organismo que conte ..." debe dicir: "... crear un grupo de traballo ou comisión de estudo que conte ..."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

José Antonio Quiroga Díaz na data 06/11/2017 17:18:22

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 17:18:37

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.4 10/PNP-001318 (0017676)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luca Chao Pérez
Grupo Parlamentario de En Marea - María de los Ángeles Cuña Bóveda

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0017676) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17676
Data envio: 27/09/2017 18:30:46.704

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, a iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa á restitución das estatuas do Pórtico da Gloria para o patrimonio público

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o pasado xullo o Pazo de Xelmírez acolle unha importantísima exposición sobre a obra do Mestre Mateo. Trátase da segunda parada desta exposición que acolleu un importante éxito de público e crítica na súa exhibición no Museo do Prado dende novembro do pasado ano. Grazas a ela volven a Santiago de Compostela parte das esculturas fundamentais do Pórtico da Gloria, lugar do que nunca tiñan que ter saído.

Dentro da exposición destacan dúas obras, Abraham e Isaac, que tras ser arrancadas do Pórtico da Gloria pasaron por propiedades diversas ata acabar poder do ditador Francisco Franco. A súa historia é, polo tanto, parte da historia do espolio do patrimonio público a mans do franquismo. Así, as mencionadas estatuas foron trasladadas ao pazo do Conde de Ximonde, ata que en 1948 foron mercadas polo Concello de Santiago de Compostela e, finalmente acabaron en mans do ditador. Cómpre salientar que a documentación oficial da venda vinculou a mesma a que as esculturas non abandonaran o concello. De tal xeito que as mesmas se manteñen na familia Franco pese a que non existe ningún documento de cesión por parte do Concello de Santiago e malia que a súa cesión sería contraditoria coa venda oficial.

Son numerosas as peticións da sociedade civil para que a familia do ditador restitúa para o público o patrimonio espoliado como botín de guerra para que volva a formar parte do patrimonio público e poda ser gozado por toda a

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 17676
Data envio: 27/09/2017 18:30:46.704

GRUPO PARLAMENTAR en marea

cidadanía. É hora de que o patrimonio da cidadanía deixe de formar parte da colección privada dos herdeiros da ditadura. Unha cuestión necesaria para a reparación, a xustiza e a recuperación da memoria democrática deste país.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Prestar a súa colaboración ao Concello de Santiago de Compostela para poder recuperar as estatuas que obran, ilexitimamente, en man da familia do ditador franquista.
2. Iniciar o procedemento para a declaración BIC das devanditas esculturas.
3. Proceder á catalogación de todos os bens existentes dentro do Pazo de Meirás coa fin de asegurar a súa protección legal.

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017.

Asdo.: Luca Chao Pérez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Ánxeles Cuña Bóveda, Voceiro do G.P. de En Marea

Deputadas do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2017 18:29:04

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2017 18:29:14

Luis Villares Naveira na data 27/09/2017 18:29:20

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019810) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19810
Data envio: 06/11/2017 17:46:25.753

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **17676 [10/PNP-001318]**, do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de adición

Engadir un novo punto, que pasaría a ser o 4, co seguinte texto:

"4. O Parlamento acorda censurar a pasividade da Xunta de Galiza por permitir que a Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) continúe a facer apoloxía do fascismo a través da xestión das visitas ao Pazo de Meirás."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19810
Data envío: 06/11/2017 17:46:25.753

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/11/2017 17:19:31

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:19:35

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019815) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 19815
Data envio: 06/11/2017 18:05:18.347

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa da deputada, **María Antón Vilasánchez**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea **17676 (10/PNP-001318)** Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a restitución ao patrimonio público e a declaración como ben de interese cultural de dúas estatuas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela que están a formar parte da exposición sobre a obra do Mestre Mateo inaugurada no pazo de Xelmírez, así como para garantir a protección legal de todos os bens existentes dentro do pazo de Meirás.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1. Unha vez resolto o litixio interposto polo Concello de Santiago sobre a propiedade das estatuas de Abraham e Isaac, de ser o caso, colaborar con esta Administración local, na súa condición de lexítima propietaria, e prestar asesoramento técnico nas posibles tarefas de restauración e posta en valor destes bens.

2. Iniciar, tal e como está anunciado, o procedemento para incoará o expediente de declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) destas estatuas, que farase de xeito individual e non colectivo".

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:05
Nº Rexistro: 19815
Data envio: 06/11/2017 18:05:18.347

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Pedro Puy Fraga na data 06/11/2017 18:04:23

Maria Antón Vilasánchez na data 06/11/2017 18:04:41

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.5 10/PNP-001374 (0018655)

Grupo Parlamentario de En Marea - Luis Villares Naveira
Grupo Parlamentario de En Marea - Antón Sánchez García
Grupo Parlamentario de En Marea - Marcos Cal Ogando
Grupo Parlamentario de En Marea - Paula Quinteiro Araújo
Grupo Parlamentario de En Marea - Magdalena Barahona Martín
Grupo Parlamentario de En Marea - Juan José Merlo Lorenzo
Grupo Parlamentario de En Marea - Francisco Casal Vidal

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino

PARLAMENTO
DE GALICIA

(0018655) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18655
Data envio: 11/10/2017 13:02:23.152

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa de **Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando, Paula Quinteiro Araujo, Magdalena Barahona Martín, Juan Merlo Lorenzo e Francisco Casal Vidal** ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A aposta polo espolio dos recursos naturais de Galicia que está a facer a Xunta, coa eliminación de calquera mecanismo de garantías medioambientais e participativas, na elaboración de proxectos de Megamineiría, como acontece co Proxecto de lei de iniciativas empresariais que está apunto de resolverse na Cámara galega, funciona como reclamo de numerosos proxectos que supoñen un enorme risco ambiental, neste caso a resurrección do aproveitamento do cobre na mina de "San Rafael" en Touro.

O 25 de agosto o DOGA recollía a convocatoria de información pública sobre a actualización da explotación deste proxecto mineiro nos concello de Touro e o Pino, cando aínda están por resolver as gravísimas eivas na necesaria restauración derivada da oxidación dos sulfuros metálicos que están a provocar un desastre ambiente nas augas soterradas da comarca, desastre que con este proxecto lonxe de arranxarse veranse fortemente incrementado.

Estamos ante unha nova proposta de espolio de recursos sen garantías medioambientais promovida por capital Chinés e Chipriota, un novo elemento na venda que está a promover do país o sr. Núñez Feijoo.

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18655
Data envio: 11/10/2017 13:02:23.152

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O proxecto está pensado para unha duración de 16 anos na explotación e unha ocupación de 689 hectáreas das que se pretende extraer mais de 267 millóns de toneladas de material.

Non é de recibo que o proxecto non contemple, en ningún caso, abordar a situación de contaminación do río Portapego nin da balsa ácida de Angumil, parece claro que calquera proxecto debería facerse logo de solucionar os problemas medioambientais actuais como requisito previo mínimo. Non debera retomarse ningunha actuación mineira sen restaurar o dano causado con anterioridade, como se pretende actuar sobre danos futuros sen a garantía de recuperar os xa presentes.

Isto é tan evidente que o proxecto contempla a creación de novos depósitos de estériles temporais e tamén posteriores a finalización do período útil da explotación.

A promotora pretende ademais a vertedura de mil millóns de litros anuais de augas de proceso ao medioambiente so durante os tres primeiros anos da explotación. Pretende tamén o desvío de dous cursos fluviais nos ríos Burgo e Puxeiros, sen aclarar si con isto abondará para atender as necesidades de auga da explotación, polo tanto sen abordar as necesidades de utilizar as traídas municipais ou os pozos e mananciais de carácter local e as afectacións que estes usos polo tanto terán sobre a poboación do entorno. Debemos recordar os efectos que sobre a saúde da poboación da contorna teñen provocado as anteriores explotacións da mina, e polo tanto garantir que esta situación non se vai a repetir.

A todas estas cuestións de carácter medioambiental e sanitario debemos engadir as molestias e problemas que a explotación suporá para os núcleos de poboación

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18655
Data envío: 11/10/2017 13:02:23.152

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

que se atopan a carón da explotación, po en suspensión, vibracións, ruído, vibracións etc.

O plan que a empresa presenta para o período posterior a actividade, tampouco é capaz de achegar garantías sobre a inexistencia de episodios de filtración futura sobre as augas e mananciais da comarca.

Por último esta actuación tamén afecta ao noso patrimonio, xa que a franxa norte sitúase apenas a 2 km do Camiño Francés.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar de En Marea, formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Pleno:**

O Parlamento Galego insta a Xunta a impedir a reapertura e nova explotación do proxecto mineiro de cobre na mina de San Rafael nos concellos de Touro e O Pino.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/10/2017 11:34:39

Antón Sánchez García na data 11/10/2017 11:34:51

Marcos Cal Ogando na data 11/10/2017 11:35:06

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 13:02
Nº Rexistro: 18655
Data envío: 11/10/2017 13:02:23.152

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Paula Quinteiro Araújo na data 11/10/2017 11:35:15

Magdalena Barahona Martín na data 11/10/2017 11:35:28

Juan José Merlo Lorenzo na data 11/10/2017 11:35:40

Francisco Casal Vidal na data 11/10/2017 11:35:54

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019803) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19803
Data envio: 06/11/2017 17:12:42.269

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado, **Abel Losada Alvarez**, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura e explotación da mina de cobre de San Rafael, nos concellos de Touro e O Pino (10/PNP-001374, documento número 18655)

Emenda de modificación

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que teñan en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira *Cobre san Rafael S.L.* no concello de Touro.

1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (cantes perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo mazo despois da súa clausura.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19803
Data envío: 06/11/2017 17:12:42.269

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.
3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que deberá iniciarse a tramitación da mesma coa suficiente antelación.
4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.
5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identifique os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención están executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.
6. Incluír un proxecto de execución da restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.
7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do Castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.
8. Incluír un proxecto de medidas ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.
9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os nivel de calidade normativos.
10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abarque todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.
11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os erros detectados nos documentos do proxecto.
12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.
13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onda se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.
14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19803
Data envío: 06/11/2017 17:12:42.269

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.

15. Incluír un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para previr o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.

16. Incluír a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.

17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.

18. Incluír unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.

19. Incluír unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.

20. Incluír un proxecto de abandono da explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.

21. Incluír un plan de vixilancia ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio informe.

22. Incluír no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avales etc…).

23. Incluír no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados das labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:12
Nº Rexistro: 19803
Data envío: 06/11/2017 17:12:42.269

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

24. Planificar dende o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o mais doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/11/2017 17:10:18

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 17:10:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.6 10/PNP-001397 (0019027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Julio Torrado Quintela

Sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019027) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:57
Nº Rexistro: 19027
Data envio: 18/10/2017 17:57:22.133

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Trala vaga de lumes, como a vivida o 15 de outubro na Comunidade galega, a parte do efecto inmediato na vida vexetal, existen outras consecuencias directas que afecta ao mar. A choiva arrastra gran cantidade de cinzas e outros residuos, ladeira abaixo ata chegar a un río e ao mar. A partir de aí, os materiais contaminados con substancias potencialmente perigosas chegan a ecosistemas produtivos. como o marisco e, especialmente, os moluscos (mexillóns, berberechos, recoiro, entre outros), peixes e outros. No caso do marisco e en concreto dos moluscos, de grande importancia para a economía galega, a contaminación prodúcese por filtración, xa que reteñen gran cantidade de materia orgánica.

A pesar dos riscos potenciais, e para evitar que as substancias tóxicas cheguen ao mar e teñan efectos negativos no ecosistema mariño, é necesario establecer medias preventivas á máxima urxencia.

No Decreto 438/2003, do 13 de novembro, polo que se aprobaba o Plan básico de continxencias por contaminación mariña para a defensa dos recursos pesqueiros, marisqueiros, paisaxísticos, acuícolas e ambientais de Galicia, establécese o seguinte:

No artigo 21º.- Resposta operativa a vertidos terra-mar, establécese que ante unha vertedura ou incidente que teña a súa orixe en terra e sexa susceptible de producir contaminación mariña no mar, poñerase en marcha unha serie de protocolos de actuación que dean resposta operativa á activación dos medios humanos e técnicos de loita contra a contaminación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2017 17:57
Nº Rexistro: 19027
Data envío: 18/10/2017 17:57:22.133

PSG PSOE

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

No artigo 22º recóllese a resposta operativa aos vertidos mar-terra.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que se debe activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal) que establece as normas e procedementos básicos de actuación, a estrutura de organización e ou sistema de resposta fronte a un episodio de contaminación mariña accidental que se produza ou afecte ao litoral galego.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a tomar as medidas axeitadas para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia, nos litorais afectados, para evitar os riscos potenciais, derivados dos graves incendios ocorridos o 15 de outubro.

Pazo do Parlamento, 18 de outubro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 18/10/2017 17:20:10

Julio Torrado Quintela na data 18/10/2017 17:20:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 18/10/2017 17:20:31

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019814) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:02
Nº Rexistro: 19814
Data envio: 06/11/2017 18:02:20.581

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, María Dolores Toja Suárez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga da incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017 (doc. núm. 19027).

Emenda de adición

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:

"..., en concreto as medidas recollidas no artigo 8 e seguintes do Decreto 135/2016 do 6 de outubro."

Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 06/11/2017 18:00:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/11/2017 18:01:17

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019818) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:14
Nº Rexistro: 19818
Data envio: 06/11/2017 18:14:52.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, doc. núm. **19027 [10/PNP-001397]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre a adopción polo Goberno galego das medias necesarias para activar o Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia nos litorais afectados, co fin de evitar os posibles riscos derivados da vaga de incendios rexistrada o día 15 de outubro de 2017, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que traslade un informe ao Parlamento galego con todas as accións postas en marcha, incluíndo orzamento, recursos e prazos, para evitar as consecuencias dos incendios forestais sobre os fondos das nosas rías, en especial sobre os bancos marisqueiros."

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Deputada do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:14
Nº Rexistro: 19818
Data envio: 06/11/2017 18:14:52.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 06/11/2017 17:18:02

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:18:06

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.8 10/PNP-001407 (0019153)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Vilán Lorenzo
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Antonio Quiroga Díaz
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - José Manuel Pérez Seco
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Raúl Fernández Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Luisa Pierres López

Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019153) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19153
Data envio: 19/10/2017 16:53:05.513

Grupo Parlamentario

PSG PSOE

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz, José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

A loita contra o lume ten que se converter nunha loita de país. A pasividade do Goberno galego, a súa falla de prevención e a ausencia de aplicación da alta tecnoloxía á detección de lumes lévannos ano a ano a resultados como estes.

Os incendios destes últimos días en zonas protexidas teñen provocado grandes danos ambientais. Só nos Ancares (Reserva Natural da Biosfera), as primeiras estimacións son de case 4000 hectáreas queimadas, máis de 2000 na zona de Noceda, moi preto do castelo de Doiras, e máis de 1000 en Donís, nas inmediacións das pallozas de Piornedo. Lamentablemente, o lume levou xa o 7 % do total da reserva.

Os danos ecolóxicos son moi graves, polo que é necesario comezar con urxencia os labores de rexeneración ambiental para impedir a desertización das zonas queimadas. Son previsibles escorrentías, graves procesos erosivos, desaparición dos solos por arrastres nas áreas de maior pendente e contaminación de acuíferos e ríos ata chegar ás rías. E, como resultado, un empobrecemento do chan.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19153
Data envío: 19/10/2017 16:53:05.513

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que deseñe un plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo medidas e accións para loitar contra os procesos erosivos e para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.
2. Que dote dunha memoria económica a este plan, detallando os investimentos e prazos de execución do mesmo para cada unha das actuacións previstas.
3. Que restaure as dotacións de servizos básicos que se viron afectadas polos incendios.

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Quiroga Díaz
José Manuel Pérez Seco
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 19/10/2017 16:31:07

José Antonio Quiroga Díaz na data 19/10/2017 16:31:13

Jóse Manuel Pérez Seco na data 19/10/2017 16:31:21

Raúl Fernández Fernández na data 19/10/2017 16:31:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/10/2017 16:53
Nº Rexistro: 19153
Data envío: 19/10/2017 16:53:05.513

Grupo Parlamentario

PSG
PSOE

María Luisa Pierres López na data 19/10/2017 16:31:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 19/10/2017 16:31:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019811) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19811
Data envio: 06/11/2017 17:46:45.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **19153 [10/PNP-001407]**, do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia, sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes, incluída na orde do día da sesión plenaria que se vai celebrar o vindeiro 7 de novembro de 2017.

Emenda de adición

Engadir un novo punto que pasaría a ser o primeiro, co seguinte texto:

"1. Que se deseñen protocolos de actuación na rexeneración de superficies queimadas en xeral atendendo ás súas características de solo, pendentes, proximidade a acuíferos, traídas municipais e privadas, correntes de auga, e arrastres de terra e consecuencias erosivas aue faciliten a actuación inmediata despois do lume."

Emenda de modificación

No punto 1 orixinal, que pasaría a ser agora o 2, modificar a expresión: "Que se deseñe un plan urxente de...", por: "Que se deseñe un plan *especial* urxente de...".

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 17:46
Nº Rexistro: 19811
Data envio: 06/11/2017 17:46:45.690

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/11/2017 17:42:17

Ana Pontón Mondelo na data 06/11/2017 17:42:24

PARLAMENTO DE GALICIA

(0019817) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:11
Nº Rexistro: 19817
Data envio: 06/11/2017 18:11:51.956

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa do deputado, **Gonzalo Trenor López**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **emenda** á Proposición non de Lei en Pleno, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,**19153 (10/PNP-001407),** Sobre o deseño polo Goberno galego dun plan urxente de rexeneración ambiental das zonas protexidas afectadas pola vaga de incendios rexistrada en Galicia a mediados de outubro de 2017, así como a restauración das dotacións de servizos básicos afectadas polos lumes.

Emenda de substitución:

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación**:**

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a:

1. Que continúe coas medidas urxentes de rexeneración ambiental adoptadas nas zonas protexidas afectadas polos incendios forestais, incluíndo accións para loitar contra os procesos erosivos e poñendo en marcha actuacións para recuperar e rexenerar os hábitats afectados.

2. Que manteña o esforzo investidor nestas medidas e axilice a posta en marcha do plan de recuperación.

3. Que contribúa, xunto coas outras administración competentes – deputacións e concellos – á restauración dos servizos básicos que se viron afectadas polos incendios".

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/11/2017 18:10:44

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/11/2017 18:11
Nº Rexistro: 19817
Data envio: 06/11/2017 18:11:51.956

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Gonzalo Trenor López na data 06/11/2017 18:11:14

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com